



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

MODIFICACIÓN DO ARTIGO 6º DO REGULAMENTO DE ESTUDIOS DE POSGRAO E DE FORMACIÓN CONTINUA

Por Resolución Rectoral de 16 de outubro de 2003 unificouse o procedemento para a resolución das solicitudes de equivalencia de títulos estranxeiros para realizar estudos de terceiro ciclo, posgrao e Graduado Superior na Universidade de Santiago de Compostela, que serán tramitadas polo Servicio de Xestión Académica conforme ás respectivas normativas destes estudos.

En relación co anterior, o artigo 6 do Regulamento dos estudos de posgrao e de formación continua da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 22 de decembro de 1999 (modificado posteriormente nos seus artigo 20 por Xunta de Goberno do 23-04-02, e nos seus artigos 7, 11 e 30 por Consello de Goberno do 12-06-2003), establece:

O acceso ós Estudos de Posgrao considerados no presente regulamento por parte dos que se atopen en posesión dun título estranxeiro realizarase, en conformidade co artigo 16.1 do Real Decreto 86/1987 do 16 de xaneiro, sen necesidade de homologación do dito título, sendo suficiente a autorización outorgada polo rector, que se expedirá previa comprobación polo CPTF [Centro de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua] da correspondencia do título estranxeiro presentado.

A unificación do procedemento de resolucións de equivalencia no Servicio de Xestión Académica, que é competente para comprobar a correspondencia do título estranxeiro co nivel esixido en cada caso para realizar estudos na USC, aconsella agora, para evitar duplicidades e demoras, prescindir do trámite engadido da comprobación polo Centro de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua.

En consecuencia, o Consello de Goberno, na súa sesión do 13 de novembro de 2003,

ACORDA

Suprimir na redacción do artigo 6 do Regulamento dos estudos de posgrao e de formación continua da Universidade de Santiago de Compostela a expresión “polo CPTF”, de xeito que diga:

O acceso ós estudos de posgrao considerados no presente regulamento por parte dos que se atopen en posesión dun título estranxeiro realizarase, en conformidade co artigo 16.1 do Real Decreto 86/1987 do 16 de xaneiro, sen necesidade de homologación do dito título, sendo suficiente a autorización outorgada polo rector, que se expedirá previa comprobación da correspondencia do título estranxeiro presentado.